

Programación de Outono

O proxecto

Música en Branco: memoria da Agra do Orzán é unha intervención urbana que investiga, documenta, difunde e pon en valor a memoria musical e sonora deste barrio da Coruña, converténdo-a nunha ferramenta para a participación e a innovación social. Un proxecto da Concellaría de Cultura da Coruña cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa Urbana-C que se desenvolve entre finais de 2012 e o outono de 2013 con oito grandes liñas de actividades que se despagan nunha exposición final no centro Ágora.

A exposición

Centro Ágora | Do 6 ao 24 de novembro

Todas as actividades de *Música en Branco: memoria da Agra do Orzán* conflúen no Centro Ágora nunha mostra que despaga e dá sentido á documentación recollida ao longo de todo o proceso. É unha exposición fundamentalmente sonora, articulada arredor de caixas de cartón rotuladas polos colectivos que participaron no proxecto con palabras relevantes para a súa memoria

e que conteñen no seu interior fragmentos da banda sonora do barrio que se foi construíndo ao longo dos meses: testemuños, cancións, paisaxes sonoras, etc. Esta arquitectura serve de soporte tamén para outros materiais e como punto de referencia para o treito final do programa de actividades.

As actividades

O proxecto *Música en Branco* despregou ao longo de seis meses varias liñas de actividades que se clausuran agora coincidindo coa exposición final no Centro Ágora.

1. Barriografías

Vestíbulo do Centro Ágora | 6 de novembro | 18.00 horas

O músico, escritor e comunicador Xurxo Souto pecha as súas *Barriografías*, unha serie de programas de radio ao vivo que dende o pasado mes de maio percorren a xeografía física e sentimental do barrio. Entrevistas, actuacións ao vivo, improvisacións e músicas enlatadas pasaron pola caravana sonora do vocalista dos Diplomáticos de Monte Alto, primeiro a bordo dun autobús urbano e logo no CEIP San Pedro de Vísma, o Centro Cívico da Silva, a taberna A Grade, o Club de Chave dos Mariñeiro, o Parque do Observatorio e a rúa Mosteiro de Caaveiro. O último capítulo, no Centro Ágora, servirá tamén como repaso de todo o itinerario do programa.

URBANA-C

Proyecto Integral de Regeneración Urbana de Agra do Orzán, A Coruña

Música en Branco

Memoria da Agra do Orzán

Programación de Outono

2. Audioguías

Centro Ágora | 15 de setembro e 19 de decembro | De 9 a 14.00 horas

NoTours é un proxecto do colectivo Escoitar.org que converte o barrio nun museo intelixente mediante o que denominan, nun xogo de palabras, “auralidade aumentada”. Recollendo os materiais sonoros producidos durante o desenvolvemento do proxecto –cancións, entrevistas, paisaxes sonoras– elabóranse audioguías xeolocalizando eses elementos no espazo físico do barrio, de maneira que calquera usuario cun dispositivo con capacidade GPS, como un teléfono móvil, pode percorrer o barrio e acceder á información incluída nesas rutas. O traballo comezou o pasado 15 de setembro con alumnas e alumnos do IES Agra do Orzán e continuará o 19 de decembro con outra sesión, aberta ao público, nas instalacións do Centro Ágora.

3. Bombas de sementes

Centro Ágora | 9 de novembro | De 17 a 19.00 horas

O obradoiro, que pecha os *Paseos polo Barrio* de Cristina Anillo para *Música en Branco*, aproveita o estado de desenvolvemento –rematada a floración, producen sementes– das plantas silvestres que se atopan nos bordos dos sendeiros e camiños que discorren polo barrio. Se a meteoroloxía o permite, sairemos recoller estas sementes

5. Feira artesá

Mercado das Conchiñas | 23 de novembro | De 10 a 18.00 horas

Outra das tres iniciativas financiadas a través do concurso de microproyectos de *Música en Branco*. O colectivo TANK (Territorio Animado Kolektivo), co fin de poñer en valor e difundir o comercio de proximidade da Agra do Orzán cun atlas sonoro do comercio do barrio, convoca esta Feira Artesá na que os comerciantes e artesáns abrirán as portas dos seus obradoiros e dende o Mercado das Conchiñas amosarán e compartirán os seus oficios. Como tapizar unha cadeira? A que hora empeza unha panadaría a funcionar? Como arranxar unha bicicleta? Estas preguntas terán resposta na feira ao tempo que se poden escutar cantigas populares vencelladas ao mundo dos oficios.

6. Non te cortes coa ópera

Varios espazos do barrio | 7, 17, 23 e 24 de novembro

Proxecto de Mónica de Nut para *Música en Branco* seleccionado na convocatoria de microproyectos. Desprégase en catro intervencións noutros tantos lugares de fronteira entre o público e o privado: a soprano cántache ópera mentres che corta as puntas do cabelo nunha praza de aparcamento (7 de novembro ás 17.00 horas),

para logo elaborar bombas e lanzalas, favorecendo a propagación destas especies na contorna. Con esta acción de intervención paisaxística conseguimos incrementar a biodiversidade da zona, tanto no que respecta á flora como á fauna, e por extensión a biodiversidade sonora. De balde, previa inscrición en musicaenbranco@gmail.com. Prazas para 10 familias.

4. Documental

Auditorio do Ágora | 16 de novembro | 19.00 horas

Unha das tres propostas seleccionadas no concurso de microproyectos de *Música en Branco*. O documental *A Agra do Orzán, o Barrio dos Músicos*, de Tres Laboratorio, quere ser un percorrido no tempo e un relato, a través dalgúns dos seus principais protagonistas, da catarse de creatividade que se xerou na Agra do Orzán a partir dos anos setenta e explicar os motivos polos que este barrio foi, no seu tempo, unha sorte de “Malasaña coruñesa”, como o define Nonito Pereira. A película proxeclarase o sábado 16 de novembro ás 19.00 horas no auditorio do Centro Ágora. Un acto ao que están convidados todos os veciños, todas as xeracións de músicos vinculados á Agra do Orzán tanto no pasado coma na actualidade e mesmo todos os aficionados á cultura, a arte e a memoria.

chama no teu **interfono** para adobiarche a mañá cunha peza lírica (17 de novembro ás 12.00 horas), substitúe o teu **perruqueiro** ou a túa perruqueira habitual (23 de novembro ás 12.00 horas) e convídate a participar nunha **microópera** ao vivo, sexa coa túa voz, sexa tocando o obxecto doméstico que máis che guste (24 de novembro ás 12.00 horas) na porta do centro Ágora.

Más información

Correo electrónico: musicaenbranco@gmail.com
Web: www.musicaenbranco.org
Twitter: www.twitter.com/musicaenbranco
Facebook: www.facebook.com/musicaenbranco
Arquivo gráfico: www.flickr.com/photos/musicaenbranco
Arquivo de vídeo: www.vimeo.com/musicaenbranco
Arquivo sonoro: www.musicaenbranco.ivoox.com

Segue todas as novidades de *Música en Branco* a través de www.musicaenbranco.org

Coordinada e dirixida:

URBANA-C

Proyecto Integral de Regeneración Urbana de Agra do Orzán, A Coruña



Música en Branco

Memoria da Agra do Orzán



Unión Europea
FEDER

Una manera de hacer Europa



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña